DE L'AMOR PER LA PARAULA:
Estudis en homenatge al professor José Enrique Gargallo Gil
2026, pp. 365–375, https://memoriadelcor.org

INTERSECCIÓNS LINGÜÍSTICAS NA PERIFERIA: UNHA REFLEXIÓN SOBRE FRONTEIRAS, ISOGLOSAS E LÉXICO

Alberto GÓMEZ BAUTISTA
Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro

1. INTRODUCIÓN

A xénese da idea que alicerza este texto xurdiu nunha tarde do mes de xuño de 2024, na Terra de Miranda, no Nordeste de Trás-os-Montes, cando estabamos a realizar traballo de campo xunto á fronteira entre Portugal e España no ámbito do proxecto *Frontespo Atlas*.[1] Regresabamos, José Enrique Gargallo, Joan Fontana, Jairo García e mais eu do Miradoiro de San Juan de ls Arribes, próximo na poboación de Aldé Nuoba (Miranda do Douro) e a carón do río Douro, no concello de Miranda do Douro (Portugal). Era unha daquelas tardes de «inferno» en que o verán trasmontano é fecundo. Despois de desfrutarmos dunha vista de cortar o folgo no devandito miradoiro, viñamos a conversar; a certo momento, veu á baila o feito de que, na variedade de mirandés falado naquelas aldeas, a palabra mirandesa para 'rúa' non é *rue*, como ocorre en boa parte do mirandés central e na variedade sendinesa, senón que os mirandeses desta zona din *ruga*. Esta foi a faísca que provocou que José Enrique nos encandeara cunha narración sobre a orixe e a historia de palabra *ruga*; explicou que en latín significaba 'engurra' e 'rego' ou 'suco', e como despregou, xa en latín, outros sentidos e a diversa sorte que tivo noutras linguas romances e

[1] Esta contribución enmárcase dentro do proxecto *Atlas Pluridimensional de la frontera España-Portugal*, que recibiu financiamento do Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España, a Axencia Estatal de Investigación e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (PID2022-137290NB-I00, financiado por MCIN/AEI /10.13039/501100011033 / FEDER, EU).

máis aló do espazo románico, como no caso do albanés ou do éuscaro de que falarei máis abaixo. Aquela conversa provocou un ruxerruxe na miña cabeza que fixo vir á tona a lembranza daquelas formidábeis intervencións de José Enrique Gargallo no programa *Para todos la 2* da segunda canle da RTVE onde, entre 2011 e 2014, tiña un espazo onde falaba de etimoloxía, da historia das palabras e de paronimia, outra das súas grandes paixóns.



Fotografía 1. José Enrique Gargallo, Joan Fontana e Jairo García (de esquerda a dereita) a observar o río Douro internacional no Miradoiro de San Juan de ls Arribes (Aldé Nuoba, Miranda do Douro, Portugal).

Como ía dicindo, a palabra mirandesa *ruga* serviu de pretexto para unha viaxe pola historia desta palabra que foi memorábel e serviu para lembrar que a riqueza das linguas non se mide só con base no número de falantes ou no número de países en que é oficial. Cada lingua, independentemente do número de falantes e do status político ou social, é un tesouro que abriga unha forma de estar na vida, unha riqueza e un conxunto de coñecementos que non son facilmente medíbeis nin susceptíbeis de mercadear, pero que tornan o mundo un espazo máis interesante, diverso e, por ventura, mellor.

Este texto é unha reflexión sobre a historia de cinco palabras, sobre as fronteiras lingüísticas e políticas que son permeábeis e, como ten por costume sinalar José Enrique, evocando a José Luis Sampedro, son sempre transcendíbeis:

> Mis fronteras son todas trascendibles, como lo es la membrana de la célula, sin cuya permeabilidad no sería posible la vida, que es dar y recibir, intercambio, cruce de barreras (Sampedro 1991:16).

O presente traballo, alén dunha sinxela homenaxe a José Enrique Gargallo Gil é tamén unha reflexión sobre o papel esencial que as periferias lingüísticas, os lugares afastados dos centros de difusión das normas e dos estándares lingüísticos decretados pelos poderes establecidos, desempeñan na preservación da diversidade lingüística, cultural e, en definitiva, dunha outra forma de estar.

2. ALGUNHAS NOTAS SOBRE A ROMANIA E A ROMANICIDADE

Dicía José Enrique Gargallo que *Tot començà a Roma* (Gargallo 1996: 13) para referirse á orixe común, no latín, do vasto conxunto de linguas que constitúen a Romania. A Romania é, pois, o espazo diferenciado onde se falan as linguas románicas ou neolatinas. Gargallo tamén acuñou o termo *romanicitat* ('romanicidade') para referir todo aquelo que ten a ver coa Romania e coas linguas románicas faladas nese espazo. El explica a xénese da palabra *romanicitat* do seguinte modo:

> Doncs bé, al costat de romanitat (de Roma i els romans) proposo la formació paral·le-la de romanicitat (dels romànics, de la Romània). De fet, ja existeix un model de referèn-cia: l'anglès *Romanceness* (segons la pauta derivativa de *happiness* o *madness*), ideat per la romanista britànica Rebecca Posner (1996: 94), i formulat a l'epígraf 2.7. (*Romanceness as a continuum*?) del seu llibre, que la traductora a l'espanyol, Silvia Iglesias (Posner 1998: 132), trasllada així: ¿La romanicidad como continuum? (Gargallo 2024: 338)

Gargallo pregúntase nese mesmo artigo *Com partir la Romània?*, aludindo ás dificultades que se atopan ao longo do espazo románico para clasificar tamaña diversidade lingüística. Está lonxe do obxectivo desta reflexión abordar esta complexa cuestión taxonómica e optaremos por indagar sobre as marxes da romanicidade a partir de cinco palabras dunha das máis pequenas linguas románicas vivas: o mirandés, lingua do ramo asturleonés falada no nordeste de Portugal. Reflexionaremos sobre cal é o peso dos elementos latinos no léxico de linguas non romances como o albanés, o gaélico irlandés e o éuscaro. Por último, a nosa análise sirve de pretexto tamén para reflexionar sobre a presenza de léxico romance en linguas como o irlandés ou o éuscaro, isto é, sobre o grao de romanicidade destas

linguas no que ao léxico se refire. Deterémonos aínda en palabras que consideramos de orixe incerta ou escura, algunhas delas vindas desas linguas non románicas, como o caso de *ambuça*, palabra oriúnda dunha lingua celta.

3. PALABRAS QUE TRANSCENDEN FRONTEIRAS

Como xa foi referido, a inspiración para esta reflexión xorde da conversa descrita unhas liñas atrás, na introdución, e nas intervencións que José Enrique Gargallo realizou na sección dedicada a curiosidades lingüísticas, etimoloxía e paronimia no programa *Para todos La 2* entre os anos de 2011 e 2014. Neste apartado imos analizar cinco lexías mirandesas que van permitir ilustrar como as palabras transcenden, de diversas maneiras, as fronteiras políticas e as isoglosas ou fronteiras lingüísticas, se se me permite a simplificación, para integrar o léxico doutras linguas. Constataremos que este fenómeno de transferencia lexical dunhas linguas a outras é tan antigo como a existencia das linguas. As lexías mirandesas que van ser analizadas son *ambuça, meligrana, muga, ourrieta* e *ruga*.

3.1. *Ambuça*

Ambuça é un substantivo feminino, que designa en mirandés a cantidade de algo que cabe nas dúas mans xuntas e tamén serve para referirse as propias mans xuntas en xeito de concha. Atopamos formas coa mesma orixe en castelán (*ambuesta*) e en asturiano (*ambueza, embueza*). Segundo o *Lexico del Leonés Actual* de Janick Le Men Loyer esta palabra está documentada tamén en Zamora, León, A Maragatería, algunhas zonas do Bierzo, en Salamanca e tamén na Estremadura española, Andalucía, La Rioja e Murcia (Le Men 2019). Ademais, esta palabra presenta bastante variación diatópica (Le Men 2019).

Para autores como Joan Corominas ou Xosé Lluis García Arias este termo provén do celta AMBŎSTA que proviría por súa vez de BOSTA 'oco da man' e que deu lugar á palabra *bos* en gaélico irlandés e *boz* en bretón (Corominas 2012: 28; García Arias 2018: 417). Cómpre referir que *ambuça* é unha forma hibrida constituída polo prefixo latino AMBI- e a base celta BOSTA.

Ambuça fai parte dese léxico común ao diasistema lingüístico asturleonés que ten orixe nunha lingua celta. Hai máis exemplos de palabras de raíz celta comúns a outras variedades asturleonesas, como é, por exemplo, o caso da lexía mirandesa *brício*, que significa 'berce' e que ten tamén paralelo en galego (*berce*) e en portugués (*berço*).

Ambuça é un daqueles termos cuxa orixe remonta, moi probabelmente, a antes da romanización e que perduraron até os nosos días. É unha palabra que aínda se utiliza

en mirandés xunto con outros termos que terán tamén orixe nunha lingua celta como *bulhaco, carrasqueira, marra, ourrieta* ou *picon* entre outros exemplos.

Por outro lado, nas linguas celtas a influencia latino-románica é antiga e está patente no léxico corrente de varios deses idiomas, como, por exemplo, en gaélico irlandés. Desde a romanización de Bretaña e, máis tarde e con maior intensidade, durante a introdución do cristianismo na illa de Irlanda, no século V (Ó Dochartaigh 1992: 12). O tipo de préstamos léxicos que se documentan en gaélico irlandés reforzan a tese de que a principal vía de penetración foi o proceso de cristianización. Son ilustrativos disto o seguintes exemplos: *manach* (do latín tardío MONĂCHUS, 'monxe'), *cill* (do latín tardío ECCLESĬA, 'igrexa'), *cáis* (do latín CASEUS, 'queixo'), *corp* (do latín CORPUS, 'corpo humano'), *instruimint* (do latín INSTRUMENTUM, 'instrumento'), *oific* (do latín OFFICIUM, 'oficio, emprego, ritual'), *spongia* (do latín SPONGĬA, e este do grego σπογγιά 'esponxa') (Gansterer 2016: 8; Doyle 2015: 34).

3.2. *Muga*

Segundo Corominas, a palabra *muga* xa se empregaba en Aragón e Navarra no século XIII co sentido de linde (Corominas 2012: 382). *Muga* encontrase tamén na toponimia da zona da Terra de Miranda e Saiago co mesmo sentido de linde, limite ou fronteira, por exemplo, o topónimo Mogadouro (cidade raiana portuguesa situada na zona sur do distrito de Braganza), que provén do topónimo medieval MUGA GOTHORUM, isto é, 'fronteira dos godos' (Ferreira 2010-2011). Na veciña comarca de Saiago (Zamora) atopamos Muga de Sayago e ben máis a sur, xa en Andalucía, o topónimo Paymogo (xunto á raia con Portugal, na provincia de Huelva). Este topónimo poderá estar relacionado co latín PAGUS (aldea) e con MUGA. Así e todo, fóra da toponimia, non se emprega actualmente en mirandés a palabra *muga*, sendo *marra* o termo utilizado para referir un linde.

Muga pertence ao grupo de palabras de orixe prerrománico documentadas no occidente da Península Ibérica que teñen paralelo ou son interpretábeis con recurso ao éuscaro. Porén, afirmar que palabras portuguesas como, por exemplo, *muga*, *abarca, samarra, lura* ('tobo' ou 'tobeira'), *cachorro, gamarra* ('tipo de barco'), *angula* ou *esquerda* proveñen do éuscaro non é exacto. Son palabras prerromanas, algunhas delas poderán vir efectivamente do éuscaro (ou do protoéuscaro que deu lugar ao éuscaro actual e que era certamente ben diferente do éuscaro falado nos nosos días, nunha relación análoga, coas debidas salvagardas, á do latín e as linguas romances), pero esta orixe, as máis das veces, non é clara. Ademais, as palabras que parecen ser efectivamente orixinarias do éuscaro poderán ter chegado ao portugués e ao mirandés a través do castelán. Así e todo, aínda que esta lexía teña paralelo no

éuscaro actual non sabemos ao certo como chegou este topónimo tan a occidente da Península Ibérica e porque aparece en topónimos formados xa na Idade Media. Todo apunta a que a palabra *muga* non chegou ao mirandés e ao portugués a través dunha lingua de substrato e que estaremos perante un préstamo. Isto explicaría tamén que esta lexía de orixe prerromano xurda en topónimos datados varios séculos despois do fin da romanización e da presenza de Roma nestas terras. No caso do idioma mirandés tamén temos palabras con correspondencia en éuscaro actual, como, por exemplo, o caso de *charro*. José Leite de Vasconcelos refería que os mirandeses chamaban a súa lingua «lingua charra», fronte ao portugués, que era a «lingua fidalga» (Vasconcelos 1900: 13). *Charro*, alén de ser un glotónimo usado antigamente para referirse á lingua mirandesa, tamén significa en mirandés 'rudo, atrasado'. Esta palabra poderá estar relacionada coa lexía *charro* usada en terras salmantinas e coa palabra éuscara *txar*, que significa 'defectuoso, débil'? Moi probablemente si. Sexa *txar* o étimo de charro ou non; proveña ou non do éuscaro antigo, o que si podemos sinalar sen sombra de dúbida é a proximidade na forma e no significado entre estas lexías: a mirandesa, a salmantina e a da lingua vasca.

Como subliña Echenique, «las relaciones entre el euskera y el mundo latino-románico tienen una historia que se remonta a unos veinte siglos» (Echenique 2006: 42). O estudo sobre estas relacións desenvolveuse moito desde o século XVIII, grazas a autores como Manuel Larramendi, Guillermo de Humboldt e máis tarde con Hugo Schuchardt no século XIX ou Koldo Mitxelena no século XX, entre outros. É tamén certo que estes estudos permitiran coñecer a importancia do latín na configuración do léxico do éuscaro moderno «al tiempo que ignoramos menos de la acción que el euskera ha ejercido sobre las lenguas románicas circundantes» (Echenique 2006: 42). Así e todo, no caso que aquí nos ocupa, aínda falta indagar a fondo a historia desas palabras con correspondencia en éuscaro e sobre como chegaron ao portugués e ao mirandés.

3.3. *Meligrana*

En mirandés, a palabra para designar o froito que posúe o nome científico de *Punica granatum* é *meligrana*. Esta voz provén das palabras latinas MĀLUM ('mazá') e GRANĀTUM ('con grans'), coa máis que probábel influencia do prefixo mirandés *meli-* (prefixo cuantificador co sentido de 'mil') que atopamos noutras palabras mirandesas como *melilhitro* ('mililitro') ou *melímetro* ('milímetro').

Se observarmos os resultados de esta palabra noutras linguas románicas constatamos que se poden agrupar, atendendo á etimoloxía, do seguinte modo. Por un lado, temos linguas con designacións que describen o froito como unha mazá

chea de grans. É o caso de varias linguas itálicas como o italiano e o corso, onde se di *melagrana*, aínda que en corso tamén se diga *pumagrana*; no sardo rexístranse as voces *melagranàda*, *melagrenàda* e *melagranàta* (Puddu 2000: 1149). Neste grupo de linguas románicas encaixan tamén o mirandés *meligrana*, o catalán (*magrana* ou *magraner*), e o galego *milgranda*. Con todo, no caso do galego e do mirandés parece que a lexía resultante foi influenciada pelo prefixo cuantificado *mil-* / *meli-* ('mil'), reforzando a idea de froito con moitos grans.

Por outra banda, en castelán, asturiano e francés rexístranse formas derivadas de GRANATA: *granada* en castelán e asturiano e *granade* en francés.

Por último, xebrado do resto das linguas romances, o portugués posúe a forma proveniente de PŌMUM RŌMĀNUM ('mazá romana'): *romã*, forma que evidencia a suposta orixe da froita que terá sido introducida polo imperio romano.

3.4. *Ourrieta*

A palabra *ourrieta* é, até onde eu sei, unha palabra que só está documentada en asturleonés e, ademais, é un topónimo moi frecuente nos territorios máis meridionais de fala asturleonesa a ambos os lados da fronteira entre España e Portugal á altura de Zamora/Braganza, aínda que tamén se documente en Asturias. Con todo, a maior concentración deste topónimo e das súas variantes encóntrase na Terra de Miranda e nas comarcas de Alba, Aliste e Saiago, na provincia de Zamora:

> Este topónimo presenta las siguientes formas: *ourrieta* y sus variantes *rita*, *reta*, *urrieta*, *urreta*, *rota* o incluso *ruta* en Augas Bibas (Ferreira 2013: 472). La forma *urrieta* se encuentra en Aliste y Asturias, mientras que *orreta* y *urreta* se documentan en portugués (Ferreira 2013: 472). (Gómez 2023: 24).

É tamén un daqueles elementos lingüísticos que testemuñan a presenza, outrora, da lingua asturleonesa onde hoxe se fala portugués (no caso de Trás-os-Montes, Portugal) ou castelán (no caso das bisbarras zamoranas de Aliste, Alba e Saiago). Xa a lingüista portuguesa Manuela Barros Ferreira sinalou esta posibilidade con base na distribución xeográfica do topónimo *ourrieta* e respectivas variantes (Barros Ferreira 2001: 127-130). Está continuidade lingüística e tamén moi evidente no léxico das falas populares das referidas bisbarras zamoranas e da Terra de Miranda.

Hai algunha controversia sobre a orixe e significado da palabra *ourrieta*. Para Carlos Ferreira (2013: 472-483) trátase dun hidrónimo. Porén, a maioría dos autores que se ocuparon deste topónimo atribúenlle un sentido oronímico ('vale profundo entre montes') (cf. Vasconcelos 1901: 20-21; Mourinho 1987: 79; Sordo Sotres 1997: 157-158). Por seu lado, Manuela Barros Ferreira relaciona o topónimo Urrieta e

respectivas variantes con a voz ORRO ('hórreo') (Ferreira 2001: 127-130). Este topónimo parece típico das rexións de fala leonesa, pois documéntase en boa parte do distrito de Braganza (na zonas a oriente do río Sabor e na Lombada de bragantina onde, outrora, se falou leonés). Ademais, este topónimo é moi frecuente no territorio onde actualmente se fala mirandés, e é frecuente en Aliste, Saiago, Alba e algunhas zonas de Asturias (Ferreira 2013: 472-484).

Sexa como sexa, o topónimo *ourrieta* é abundantísimo na Terra de Miranda e nas bisbarras veciñas de Aliste, Alba e Saiago. É tamén un testemuño vivo da unidade lingüística antiga entre estes territorios hoxe repartidos entre dous estados (Portugal e España). *Ourrieta* é, pois, símbolo desa unidade lingüística que teima en perseverar, aínda que hoxe estea bastante diluída por mor da fronteira política e da presión das linguas estatais (portugués e castelán) dos dous estados veciños.

3.5. *Ruga / rue*

En mirandés para designar un camiño situado dentro dunha poboación e rodeado por edificios emprégase a palabra *rue* e a variante *ruga*. *Ruga* é a forma usada no mirandés raiano e nas aldeas máis setentrionais do mirandés central e *rue* é a variante empregada na maior parte do mirandés central e en sendinés. A isoglosa *rue/ruga* coincide, groso modo, coa estrada N218 que vai de Miranda do Douro a Braganza, a norte desa estrada utilizase a forma *ruga*, e a sur *rue*.



Mapa 1. Estrada N218 no tramo de Miranda do Douro a Vimioso (e Braganza) (Google).

Duarte Martins, un escritor natural de Malhadas, aldea atravesada pola estrada/isoglosa N218 utiliza a forma *ruga* nos seus escritos:

> Ua mulhier iba an riba dun burro. Tenie stado a chober muito i habie uns poçacos i muita lhama pulas *rugas* (Martins 2004: 213). (trad. Unha muller ía montada nun burro, chovera moito e había pozas e moita lama nas rúas).

Como é sabido, a palabra *ruga* provén do latín RUGA, lingua onde tiña o significado de 'engurra, prega, suco ou fenda que se fai na terra', e que deu lugar a *engurra* en galego, a *arruga* do castelán, a *ruga* en portugués, a *arruga* en catalán, a *engurria, agurria* ou *gurria* en asturiano ou a *angúrria* en mirandés, por sinalar só algúns exemplos de linguas onde ten o sentido de dobrez, flexura ou prega. Porén, en galego, portugués e mirandés RUGA deu lugar tamén a *rúa*, *rua, rue*/ *ruga* co sentido de camiño entre casas. Tamén ten este sentido o termo francés *rue* e a palabra albanesa *rrugë*, que teñen a mesma etimoloxía e significado que *rúa*, *rua*, *rue* e *ruga*. Xa en latín RUGA despregou este significado de 'rúa' (Gargallo 2011-2014) que atopamos actualmente nos derivados desta palabra en galego, portugués, francés, mirandés e albanés. Tamén en castelán existiu a palabra *rúa*, hoxe en desuso, coa mesma orixe e significado que as súas conxéneres iberorrománicas occidentais galega, portuguesa e mirandesa.

Para concluír, cómpre sinalar que esta forma transcendeu as fronteiras das linguas romances. Deu lugar a palabras en linguas tan diversas como o albanés, onde, como xa foi referido, atopamos a voz *rrugë*. Outro exemplo é o éuscaro, onde a palabra *arruga* significa "mercado", un concepto semanticamente próximo á raíz latina RUGA (Gargallo 2013).

4. A MODO DE CONCLUSIÓN

Os exemplos que aquí trouxemos demostran que as palabras teñen unha historia complexa e que mergullan as súas raíces ben atrás no tempo, engadindo capas de sentido e transformándose ao sabor do tempo, das circunstancias socioeconómicas, da situación política e das necesidades da comunidade. Do aquí exposto, cómpre sinalar que linguas minoritarias e minorizadas, como a lingua mirandesa, teñen, alén do uso social e dun papel central na configuración da identidade da comunidade, unha gran importancia para afondar no coñecemento lingüístico. Todas as linguas agochan elementos lingüísticos que axudan a entender mellor a historia lingüística desa comunidade e a das linguas veciñas e a ler e comprender mellor o espazo físico onde esas linguas se desenrolaran durante séculos.

As cinco lexías aquí analizadas son un bo exemplo do que acabamos de referir. E demostran a necesidade de coñecer mellor e preservar todas as linguas. Esta reflexión serviu tamén de pretexto para amosar a miña gratitude ao amigo e mestre

José Enrique Gargallo: divulgador lingüístico, profesor e referente de varias xeracións de lingüistas e romanistas. É inspiradora a súa entusiasta defensa da diversidade lingüística e o seu labor incansábel que non se esgota nos libros ou nas publicacións científicas, senón que tamén ten un papel importantísimo na divulgación do coñecemento lingüístico, de forma amena e seria, chegando a un público máis amplo grazas a colaboracións coma a que tivo no programa *Para todos La 2* e que serviu de inspiración para este texto.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BARROS FERREIRA, Manuela (2001): «A situação actual da língua mirandesa e o problema da delimitação histórica dos dialectos asturo-leoneses em Portugal», *Revista de Filología Románica*, 18, p. 117-136.

COROMINAS, Joan (2012): *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Madrid: Gredos.

DOYLE, Aidan (2015): *A history of the Irish language: From the Norman invasion to independence*. Oxford: Oxford University Press.

ECHENIQUE, María Teresa (2006): «Historia lingüística vasco-románica: tareas acabadas y perspectivas futuras / Euskera eta inguruko erromantzeen arte harreman historikoao: eginak eta eginkizunak», *Oihenart*, 21, pp. 25-44.

FERREIRA, Amadeu (2010-2011): «O nome Mogadouro: Estudo sobre o topónimo e o limes entre os Reinos Suevo e Visigodo entre os anos 484 e 570», *Brigantia*, vol. XXX-XXXI, p. 103-130.

FERREIRA, Carlos (2013): *Sendin – Tierra de Miranda. Geografia e Toponimia.* Lisboa: Âncora.

GANSTERER, Julia (2016): *The influence of the Irish language on Irish English. An analysis of lexical items and language contact*. Tese de licenciatura, Universidade de Islandia. Dispoñíbel en https://skemman.is/handle/1946/26095?locale=en [Consulta: 29/12/2025].

GARCÍA ARIAS, Xosé Lluis (2018): *Diccionariu Etimolóxicu de la Llingua Asturiana*. Tomo I (A-B). Oviedo: Universidá de Uviéu / Academia de la Llingua Asturiana.

GARGALLO GIL, José Enrique (1994): *Les llengües romàniques. Tot un món lingüístic fet de romanços*. Barcelona: Empúries.

GARGALLO GIL, José Enrique (2013): *Etimología de arruga. Para todos La 2*. Emitido el 28/02/2013. Dispoñíbel en: https://www.rtve.es/play/videos/para-todos-la-2/para-todos-2-etimologia-arrugas/1702081/ [Consulta 29/12/2025].

GARGALLO GIL, José Enrique (2024): «Romanicitat de l'occità», *Estudis romànics*, 46, p. 337-343.

GÓMEZ BAUTISTA, Alberto (2023): «Lenguas y variedades lingüísticas en la frontera hispano-portuguesa: historia, contacto lingüístico y vitalidad», *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, 42, p. 15-32.

HUBSCHMID, Johannes (1954): *Pyrenäenwörter vorromanischen Ursprungs und das vorromanische Substrat der Alpen,* [= *Acta Salmanticensia*, Serie de Filosofía y Letras, tomo VII, 2. Salamanca].

LE MEN, Janick: *Léxico del leonés actual* (2019): Cátedra de Estudios Leoneses, [versión en línea]. Dispoñíbel en https://lla.unileon.es [Consulta: 15/12/2025].

MARTINS, Duarte Manuel Mendes (2004): *Bozes de l Praino*. Lisboa: Instituto de Desenvolvimento Social / Edições do Nordeste.

MOURINHO, António Maria (1987): «A língua mirandesa como vector cultural do Nordeste português», *Actas das I Jornadas de Língua e Cultura Mirandesa*, p. 75-87.

Ó DOCHARTAIGH, Cathair (1992): «The Irish language», en Donald Macauly: *The Celtic Languages*. Cambridge: Cambridge University Press, p. 11-99.

PUDDU, Mario (2000): *Ditzionàriu de sa limba e de sa cultura sarda*. Cagliari: Condaghes.

SAMPEDRO, José Luis (1991): *Desde la frontera*. Discurso de ingreso en la Real Academia Española. Madrid: Real Academia Española. Dispoñíbel en https://www.rae.es/sites/default/files/Discurso_Ingreso_Jose_Luis_Sampedro.pdf [Consulta: 29/12/2025].

SORDO SOTRES, Ramón (1997): *Notas gramaticales y toponímia no latina. En Asturias, Cantabria, León y Palencia*. Edición de autor.

VASCONCELOS, José Leite de (1900-1901): *Estudos em Philologia Mirandesa*. 2 vols. Lisboa: Imprensa Nacional.